



ANEXO AOS MANUAIS DE PROCEDEMENTO DE CATALOGACIÓN DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA (BIBLIOTECAS KOHA)

v.2 (28/06/2024)

1. 008 CÓDIGOS DE INFORMACIÓN DE LONXITUDE FIXA

A información deste apartado afecta a todas as bibliotecas Koha.

As seguintes posicións son obrigatorias, de xeito que os rexistros bibliográficos non se poden gardar se a información non está cuberta:

07-10 - Data 1

15-17 - Código alfabético de dous ou tres caracteres que indica o lugar de publicación, produción ou execución.

22 – Audiencia obxecto: o criterio para seleccionar un valor ou outro é que responda á pregunta “Cal é a audiencia principal á que vai dirixida a obra?”

- a** Preescolar (0-5 anos)
- b** Primaria (6-8 anos)
- c** Preadolescente (9-13)
- d** Adolescente (14-17)
- e** Adulto
- f** Especializado
- g** Xeral
- j** Xuvenil (0-15)

Para colección accesible, empregárase “f Especializado” e para o cinema familiar “g Xeral”.

33 - Forma literaria

- 0** Non é ficción
- 1** É ficción

35-37 - Idioma

No caso de cómics, é preciso encher sempre as posición “24-27 - Natureza dos contidos” co valor correspondente.



2. CAMPO 264

[A información deste apartado afecta ás bibliotecas Koha que catalogan con plantillas completas.](#)

O obxectivo de incluír este campo, polo de agora, é que nas capturas da BNE ou de bibliotecas universitarias que catalogan con RDA non perdamos a información que consignan no 264 e poidamos copiala e pegala no 260 facilmente. Dado que aínda non estamos a utilizar RDA, teremos que proceder do seguinte xeito co 260 e o 264:

- Catalogación dun novo rexistro ou importación dun bibliográfico que non está catalogado en RDA:
→ 260: seguiremos empregando, unicamente, o 260.
- Importación dun rexistro catalogado en RDA:
→ 260: copiaremos a información do 264 no 260. É preciso ter en conta que seguimos a catalogar en ISBD, polo que, ao copiar a información do 264 no 260, haberá que facer as modificacións oportunas (é dicir, para calquera peculiaridade de RDA respecto de ISBD consignada no 264, a información modificarase no 260 seguindo as ISBD). Por exemplo, se no 264 aparece a información do fabricante ou o nome do editor desenvolvido tal e como está na fonte, faranse os cambios necesarios no 260 para adaptalos ás ISBD.
→ 264: manteremos a información do 264 nese campo tal e como veña da importación.

Tanto no OPAC, como internamente en vista "Normal", estará visible, unicamente, o 260.

O campo 264 habilitouse para todas as plantillas excepto para as de "Catalogación BM", "Adquisicións" e "Catalogación rápida".

3. CAMPOS 33X

[A información deste apartado afecta ás bibliotecas Koha que catalogan con plantillas completas.](#)

As plantillas de catalogación para cada tipo de material están precubertas nos campos 33X cos valores máis habituais, coa finalidade de facilitar o traballo dos catalogadores. Non obstante, cando ese valor precuberto non se corresponda co material que se está a catalogar, haberá que modificalo manualmente. Por exemplo, para unha gravación sonora, o valor por defecto que aparecerá será "música", pero



se o documento é un conto narrado, haberá que borrar "música" manualmente no 336\$a e substituír ese termo por "palabra falada".

336 Tipo de contido

- (\$a) **Termo de RDA:** forma textual
- (\$2) **Fonte do código:** \$2rdacontent
- (\$3) **Materiais especificados**

Tipo de material	Tipo de contido 336\$a	Valor precuberto nas plantillas de catalogación
Monografías	texto texto táctil	texto
Material cartográfico	imaxe cartográfica	imaxe cartográfica
Material gráfico non proxectable	imaxe fixa imaxe táctil	imaxe fixa
Material gráfico proxectable	imaxe fixa	Imaxe fixa
Audiovisual	imaxe móbil bidimensional imaxe móbil tridimensional	imaxe móbil bidimensional
Música impresa	música notada	música notada
Gravación sonora	música palabra falada	música
Microforma	texto	
Recursos electrónicos	datos programa	programa
Publicacións periódicas	texto	texto
Obxecto	forma tridimensional	



Ao non haber plantillas específicas para "Microformas" e "Obxectos", non é posible trasladar os valores correspondentes para que aparezan precubertos (será necesario que os catalogadores o fagan manualmente cando atopen eses tipos de materiais).

Os documentos de banda deseñada levan 2 campos 336: un de "Texto" e outro de "Imaxe fixa".

337 Tipo de medio

- (\$a) **Termo de RDA:** forma textual
- (\$2) **Fonte do código:** \$2rdamedia
- (\$3) **Materiais especificados**

Tipo de material	Tipo de medio 337 \$a	Valor precuberto nas plantillas de catalogación
Monografías	sen mediación	sen mediación
Material cartográfico	sen mediación	sen mediación
Material gráfico non proxectable	sen mediación	sen mediación
Material gráfico proxectable	proxectado	proxectado
Audiovisual	video	video
Música impresa	sen mediación	sen mediación
Gravación sonora	audio	audio
Microforma	microforma	
Recursos electrónicos	ordenador	ordenador
Publicacións periódicas	sen mediación	sen mediación
Obxecto	non especificado	

338 Tipo de soporte / portador

- (\$a) **Término de RDA:** forma textual
- (\$2) **Fuente del código:** \$2rdacarrier
- (\$3) **Materiales especificados**



Tipo de material	Tipo de soporte / portador 338 \$a	Valor precuberto nas plantillas de catalogación
Monografías	folla volume	volume
Material cartográfico	folla volume	folla
Material gráfico non proyectable	folla volume	folla
Material gráfico proyectable	transparencia diapositiva	diapositiva
Audiovisual	videocasete videodisco	videodisco
Música impresa	folla volume	volume
Gravación sonora	disco casete	disco
Microforma	microficha	
Recursos electrónicos	disco en liña	disco
Publicacións periódicas	folla volume	volume
Obxecto	obxecto	

Os campos 33X están habilitados para todas as plantillas excepto para as de "Catalogación BM", "Adquisicións" e "Catalogación rápida".



4. CAMPO 690

A información deste apartado afecta a todas as bibliotecas Koha.

Para os boletíns de Koha, "Xénero" designa a temática dunha obra, sexa de ficción ou non ficción. Coa finalidade de incluír o xénero de cada documento usaremos o campo local 690 (Repetible, aínda que recomendamos incorporar un só xénero para evitar a dispersión no filtrado desde o OPAC) que contén un despregable con valores pechados.

O obxectivo é que o usuario non teña que navegar por unha multitude de materias, senón que teña unha visión global dos temas que pode atopar dentro de cada boletín.

Xéneros (ficción)

Os xéneros de ficción están baseados nos manuais de procedemento de xéneros literarios infantís e adultos e nos de audiovisuais. Están fusionados para que non resulten moi extensos cando o usuario aplique este filtro no boletín desde o OPAC.

Ficción	
Álbums ilustrados	Só aplicable a literatura
Ciencia ficción e terror	Aplicable a literatura e cine
Cine de animación	Só aplicable a cine
Cine musical	Só aplicable a cine
Clásicos	Aplicable a literatura e cine
Comedia e humor	Aplicable a literatura e cine
Cómic e novela gráfica	Só aplicable a literatura
Contos	Só aplicable a literatura
Drama	Aplicable a literatura e cine
Fantástico e aventuras	Aplicable a literatura e cine
Ficción contemporánea	Só aplicable a literatura
Histórico	Aplicable a literatura e cine



Intriga e misterio	Aplicable a literatura e cine
Poesía	Só aplicable a literatura
Romántico e erótico	Aplicable a literatura e cine
Series de televisión	Só aplicable a cine
Teatro	Só aplicable a literatura

É preciso lembrar que esta asignación de xéneros está deseñada para o filtrado dentro dos boletíns. Os catalogadores con permisos completos de catalogación deberán seguir empregando, ademais, o campo 655 para xéneros literarios e cinematográficos.

Xéneros (non ficción)

Os termos para non ficción non descendén a un maior nivel de especificidade xa que o seu obxectivo é agrupar os documentos en torno a unhas poucas temáticas controladas:

Non ficción
Arte e espectáculos. Creacións manuais
Biografías
Ciencias da terra, bioloxía e medio ambiente. Astronomía
Cine documental
Cociña e gastronomía
Deportes e xogos
Economía e empresa
Enxeñaría e industria
Física, química, matemáticas
Historia
Igualdade



Linguas e estudos literarios
Pensamento, cultura e educación
Política, dereito e sociedade
Relixións e espiritualidade
Saúde e benestar
Tecnoloxía, redes e comunicación
Xeografía e viaxes

É necesario lembrar que esta asignación de termos está deseñada para o filtrado dentro dos boletíns. Os catalogadores con permisos completos de catalogación deberán seguir empregando, ademais, o campo 650 para materias.

5. CAMPO 776

[A información deste apartado afecta a todas as bibliotecas Koha.](#)

A vinculación entre un documento en formato impreso e a versión dixital do mesmo, faise a través do campo 776, subcampo \$0. Nese subcampo consignarase o biblionumber que se desexe vincular (xerarase, así, unha ligazón que levará ao rexistro relacionado).

Este subcampo está habilitado nas plantillas completas (non en Catalogación BM).

6. REEDICIÓNS SEN CAMBIOS E REIMPRESIÓNS

[A información deste apartado afecta a todas as bibliotecas Koha.](#)

É moi importante non duplicar rexistros xa que isto é un problema tanto para as buscas internas como para as que fan os usuarios desde o OPAC.

É preciso non facer unha nova catalogación para as reedicións sen cambios e/ou reimpresións dun título que saian no mesmo ano. Por exemplo, se un libro ten unha 1ª edición de 2021 que xa está catalogada e, ese mesmo ano, sae unha 2ª, non se creará un novo rexistro bibliográfico para esa 2ª edición, senón que se colgará o exemplar correspondente á 2ª edición da catalogación xa existente (a 1ª edición). En



función do tipo de plantilla ao que o catalogador teña acceso, o procedemento será o seguinte:

- Bibliotecas municipais que catalogan con plantilla reducida (Catalogación BM): colgarán os seus exemplares das catalogacións máis completas xa existentes. Non crearán un novo bibliográfico se xa existe un. Só xerarán novos bibliográficos no caso de que non haxa ningún que se corresponda co documento ou de que a edición sexa dun ano diferente.
- Bibliotecas que teñen acceso ás plantillas de catalogación completas: se xa hai un rexistro catalogado por unha biblioteca municipal, terán que completalo con materias etc. (nunca se creará un novo). Se atopan varios bibliográficos duplicados, deberán unificalos empregando a funcionalidade "Combinar seleccionados", primando sempre o rexistro máis completo.

Este procedemento foi comunicado en varias ocasións a todas as bibliotecas Koha. Non obstante, trala desduplicación de rexistros que imos aplicar no catálogo (en 2024 ou inicios de 2025), estableceranse unhas novas pautas de catalogación para as reedicións e reimpresións que estarán en consonancia cos criterios de desduplicación. Ese procedemento será comunicado a toda a Rede coa suficiente antelación e entrará en vigor tras facer efectiva a desduplicación.

7. REXISTROS BIBLIOGRÁFICOS IMPORTADOS A TRAVÉS DE Z39.50

A información deste apartado afecta a todas as bibliotecas Koha.

Cando se capture un rexistro, é necesario lembrar traducir ao galego a información procedente dos campos 3XX, 5XX, así como os encabezamentos de materia no caso de bibliotecas que catalogan con plantillas completas (estes últimos irán en castelán e en galego, tal e como se indica nos manuais da Rede).

Aínda que non é moi frecuente, en ocasións, ao descargar un rexistro bibliográfico a través de Z39.50 e, tras facer as modificacións necesarias para gardalo, aparece o seguinte erro:



003 ? - IDENTIFICADOR DO NÚMERO DE CONTROL

00 Identificador do número de control RBPG

005 ? - DATA E HORA DA ÚLTIMA TRANSACCIÓN

00 Data e hora da última transacción * 20240319095524.0

007 ? - CAMPO FIXO DE DESCRICIÓN FÍSICA

00 Campo fixo de descrición física * ta **Obrigatorio**

008 ? - CÓDIGOS DE INFORMACIÓN DE LONXITUDE FIXA

00 Códigos de información de lonxitude fixa 110201c19949999sp mr 0 b spa

intranet-rbgalicia.xunta.gal

Non se pode gardar este rexistro porque o seguinte ou seguintes campos non foron cubertos:

* campo 008 subcampo 0 Códigos de información de lonxitude fixa en pestana 0 [Lonxitude ou formato incorrecto]

Aceptar

Para solucionalo, na maioría dos casos é suficiente con poñer o cursor no campo 008 (sen abrir o ventá) e deixar dous espazos en branco:

008 ? - CÓDIGOS DE INFORMACIÓN DE LONXITUDE FIXA

00 Códigos de información de lonxitude fixa 110201c19949999sp mr 0 b spa

Neste caso, habería que poñer o cursor despois de "spa", engadir dous espazos en branco e gardar.

Non é posible facer un desenvolvemento para solventar este problema xa que a incidencia provén do servidor Z39.50 da biblioteca da que se captura o rexistro.